

Escrito por Rosalía de Castro

Galicia

EXPOSICIÓN

Galicia, a forza da palabra

CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Escrito por Castelao

Galiza

Galicia, a forza da palabra

CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Do 17 de novembro de 2006 ao 16 de febreiro de 2007

Sede da Fundación Caixa Galicia
A Coruña, Cantón Grande 21 - 23
www.fundacioncaixagalicia.org
www.realacademiagalicia.org

Horario:

Todos os días de 12:00 h a 14:00 h
e de 16:00 h a 21:00 h

Visitas guiadas:

Mércores de 19:30 h a 20:30 h
e sábados de 18:30 h a 19:30h

Visitas escolares:

contactar no teléfono 981 953 073

SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país

2

PRIMEIRO ANDAR: Galicia, nación literaria

Comisario:

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Coordinación:

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Produción:

Depto. Proxectos Culturais
Fundación Caixa Galicia

Creación do proxecto:

Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

Asesores:

Carme Hermida
Fernando López-Acuña López
Inmaculada López Silva
José Manuel López Vázquez
Ramón Mariño Paz
Miguel Anxo Seixas Seoane

Documentalistas:

Ricardo Axeitos Valiño
Lois Bande Barreiro
Patricia Carballal Miñán
Jacobo M. Caridad Martínez
Nélida Cosme Abollo
Mercedes Fernández-Couto Tella

Fernanda Leirós Fernández
Ana María Menéndez Rodríguez
Juan Montenegro Rey
Fernando Pereira González
Lourdes Revaldería López
Dolores Sánchez Vales

Deseño e dirección da montaxe:

Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

Montaxe:

Itinere

Transporte:

JEGA
Jesús Pacheco
Manterola Hasenkamp

Seguros:

Correduría de seguros CxG Corporación
Caixa Galicia / Axa Art

CORREDURÍA DE SEGUROS
S.C.L. CORPORAÇÃO CAIXA GALICIA

Deseño da imaxe promocional e merchandising:


Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]



Rosalía de Castro na década de 1865 - 1875 (Real Academia Galega)


3

Deseño presentado ao concurso de monumento a Curros Enríquez, 1927 (Real Academia Galega)



Carral, as arelas de liberación petrificadas

A mocidade galeguista, liderada por Antolín Faraldo, loitou en abril de 1846 cóbado con cóbado cos militares liberais na batalla de Cacheiras. Eles constituíron a primeira xeración galeguista consciente da necesidade da construción do país e levaron a súa paixón identitaria ao xornalismo, á literatura e ao debate social. A partir deste momento a palabra **Galicia** non é soamente un espazo xeográfico, é xa un lugar de encontro para os sentimentos patrios onde se concentran as esperanzas para facela ceibe e forte. O monumento que se levanta en Carral en 1904 por iniciativa da *Liga Gallega na Cruña* acredita este fito histórico como a pedra fundacional da nosa casa común. Comeza unha tradición lexitimadora dun proxecto político, unha serie de discursos e de prácticas dedicadas a fundar unha identidade.



Antolín Faraldo entre os estudantes alistados no Batallón Literario de 1846 (Colección particular)

4 SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país

A historiografía galega, da tradición á letra impresa

Non existe país sen historia e Murguía, un dos grandes arquitectos da nación, quixo interpretar o seu mundo e decatouse da importancia de entender o presente a través do pasado. Así naceu a súa monumental *Historia de Galicia*, metáfora do espertar histórico do noso país, que rescatou vestixios do pasado para mellor comprender o presente.

Este afán historicista –coprotagonizado por Vicetto, Verea, Villaamil e outros– foi de grande estímulo para acadar conciencia nacional, pois a publicación de documentos históricos levou ao desenvolvemento da filoloxía e das restantes ciencias sociais. Ademais, o estudo do noso pasado levou a unha concepción da historia dun pobo, Galicia, como un proceso de evolución lóxica e non soamente como unha sucesión cronolóxica de acontecementos.

Retrato de Manuel Murguía (Real Academia Galega)



O celtismo, a madurez dun pobo que adopta e acepta os seus mitos culturais

O mito do celtismo é un capítulo fundamental, fundacional, nesa estratexia textual destinada a narrar a nación, e preséntase como un crisol de significacións expresadas nos máis diversos xéneros e campos: arte, política, literatura –novela, ensaio, discurso, poesía–, ciencia, etc.

Todo mito supón unha xustificación e un desexo, e Galicia necesitou ese mito para explicarse a si mesma, para diferenciarse doutras culturas e dotarse de personalidade. Estudiar o celtismo é introducirse na personalidade dunha cultura que aínda segue a loitar hoxe por reafirmarse. E a adopción e a aceptación popular do mito son as máximas expresións da súa propia madurez.



Sendo director da Tabacalera, o conde de Santa Marta de Babío dispuxo esta marca para que fose elaborada na fábrica da Coruña, ca. 1957 (Real Academia Galega)

6 **SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país**

A cultura e as artes como recuperación do orgullo nacional

Os artistas e escritores do século XIX, implicados nos asuntos públicos, tomaron conciencia da súa responsabilidade social. Deste xeito, o noso Rexurdimento atopou a súa mellor expresión cultural na música e na literatura, artes públicas que contaban coa poderosa herdanza do pobo, a lingua e a canción popular. A lingua, as lendas, as cancións eran o auténtico tesouro espiritual da nación que se encarnou nos orfeóns, nos xogos florais e nas agrupacións folclóricas. De modo que a tradición oral deixa de ser o pasado inerte para converterse en algo creativo, con enerxías e vida propia. E o pobo adopta un papel revolucionario e protagonista que vai ser a base dun novo concepto de humanismo. Papel fundamental, polo seu aspecto didáctico, van xogar as artes escénicas que mesmo forman parte do repertorio de orfeóns e corais posteriores.

Maqueta de escenografía teatral por Leandro Carré, ca. 1920 (Arquivo Adela Carré)



As artes no discurso nacionalista

Parece natural que as artes, tradicionalmente dependentes dos encargos das clases dirixentes, como a arquitectura e a escultura e, en menor medida, a pintura, tiveran máis dificultades para reflectir o rexurdimento dos ideais nacionalistas. Por este motivo onde é máis recoñecible o discurso construtivo en Galicia será no debuxo e no gravado, pola utilización destas técnicas no xornalismo e nas artes gráficas e polo barato da súa produción e reprodución. **M**alia esta circunstancia, Galicia tamén xerou un discurso plástico que fai un percorrido paralelo co obxectivo de vestir a nosa identidade e que non pode estar ausente da nosa exposición.



Dionisio Fierros, pormenor de "Una romería en las cercanías de Santiago", ca. 1855-1858. Non houbo ocasión de ver esta romaría única desde hai século e medio (Colección particular)

8 SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país

A lingua e a literatura, a responsabilidade de narrar a nación

No clima de rebeldía e preocupación social propiciados polo romanticismo, a fusión e ata confusión entre xornalismo e literatura foi unha constante en toda Europa. Esta asociación foi particularmente intensa nos países que estaban a punto de redescubrir a súa identidade nacional, onde a aparición do primeiro dicionario, gramática ou colección de cantos populares era un acontecemento nacional. **A** publicación de *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro, expresión cabal da fusión entre o pobo e a literatura, certifica a existencia dun discurso paralelo que tamén asume a responsabilidade de construír o país.

Rosalía de Castro por Modesto Brocos, 1880. Pormenor do único retrato en vida da escritora, quen posou para o pintor (Excma. Deputación Provincial da Coruña)



A política, porque unha patria non se constrúe só con palabras

A aparición do nacionalismo na política, superada a etapa liberal, está propiciada pola crenza de que a autodeterminación nacional non sería posible se non se conseguía unha autonomía política capaz de institucionalizar a nosa lingua e a nosa literatura. Esta reivindicación política coincide a finais do século XIX coa novidosa tendencia a definir a nación en termos lingüísticos. Pero só o poder político podía transformar o estatus das linguas minoritarias. Por este motivo, o nacionalismo galego antes de conformarse politicamente en 1931 como Partido Galeguista mostrouse como liberal, rexionalista ou como agrarista; as formas foron cambiando como traxes que o país abandonaba despois de usalos, aínda que conservando sempre a defensa duns valores éticos que lle deron cohesión interna e prestixio social.




Documento conmemorativo do Pacto de Lestrobe, 1934 (Arquivo Vázquez de la Hermida)

10 SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país

Escudo e mapa, como luz de navegantes

O primeiro escudo de Galicia que coñecemos aparece en Londres no século XIII. Só máis tarde os galegos adoptaremos este escudo como signo de identidade que nos singulariza fronte aos demais pobos e reinos que se amosan cara aos mares. Mapas e portolanos foron tamén historicamente guías para navegantes, libros de derrota. O Reino de Galicia aparece xa na obra do cartógrafo Abraham Ortelio *Teatrum orbis terrarum* e noutros posteriores. Pero o mapa de Galicia de Domingo Fontán, publicado uns anos antes da revolución de 1846, será recibido como a expresión dunha linguaxe sentimental coa que nos identificamos. Os homes da xeración Nós saudaron con afervorado entusiasmo o plano xeodésico de Galicia, debido a Domingo Fontán, non tanto polo seu carácter renovador dentro da cartografía europea, como por ser o primeiro que nos amosou o rostro da nosa terra.

Escudo do Reino de Galicia. Debuxado seguindo o informe que a Real Academia encargou a Eladio Oviedo y Arce, ca. 1917 (Real Academia Galega)



Bandeiras ao vento desde a emigración

As artes e os artistas xogaron un papel fundamental no desenvolvemento do nacionalismo en toda Europa. Eran os encargados, nun mundo materialista, de fornecer a sociedade de certos valores espirituais. Neste contexto político e cultural nada mellor que as bandeiras e os himnos para expresar as arelas da nación. Estes símbolos de forte contido emotivo, concibidos nos horizontes familiares da nosa terra, foron despregados no afastamento da emigración.

Demóstrase unha vez máis a relación estreita entre emigración e nacionalismo, porque este ofrece o berce e o fogar común que estraña aquela no afastamento. E a maior abastanza, a emigración galega propiciou a comunicación entre o pobo e a burguesía ilustrada e liberal que liderou o movemento nacionalista. Cuba, con Curros Enríquez e Fontenla Leal á cabeza, repatriou os máis nobres sentimentos populares en forma de himno e de bandeira.



Bandeira do Consello de Galiza. Foi empregada nas exequias de Castelao en 1950 para cubrir o féretro (Real Academia Galega)

12 SEGUNDO ANDAR: O discurso da configuración do país

A Real Academia Galega, a alta misión de institucionalizar a nosa cultura

Na cartografía lingüística soamente existen as linguas canonizadas. E a Real Academia Galega nace para dar cumprimento a este mandado que chega de América, e os intelectuais e escritores que a conforman queren institucionalizar un campo intelectual alternativo á cultura dominante. A Real Academia Galega xorde con mecenado decisivo dos emigrantes agrupados na Asociación Iniciadora e Protectora. Os nomes de Curros, Fontenla Leal e Chané na outra banda e os de Murguía e restantes compoñentes da Cova Céltica en Galicia, ocupan os espazos áureos do momento fundacional.

Curros Enríquez entre Murguía e Martínez Salazar e outros fundadores da Real Academia Galega, 1904 (Real Academia Galega)

13



...aciones de ...

Número

Porte gratuito

Co
Ran
Ting

TELEGRAMA

- carte riego agua 16 corona

AFOS



no que figura de ...
... y ...
... y ...

de ... Nam. ... Pa. ... Depositado el ... d. los

= corona stocrolm 19525 10 30 12/40 se

vivat Floreat natio galaico - bjorkman

Parabéns de Göran Björkman á Academia: "Que viva e florea a nación galaica"

Contribucións de asociacións de emigrantes á Real Academia Galega



Galicia, nación literaria

Un dos obxectivos dos movementos nacionalistas europeos na etapa da formación de nacións no século XIX é a transformación da nación nun estado soberano, cun territorio, cunha historia, cunha cultura, cunha lingua e cunha literatura propias. **O** Rexurdimento galego encarna, nesta liña de pensamento, a conciencia histórica dun grupo de escritores e de intelectuais galegos con vontade de formular a súa identidade colectiva ante a carencia dun estado nacional. **O** discurso destinado a configurar a nación e o discurso literario son en Galicia procesos simultáneos que se reforzan mutuamente.



Ilustración do *Cancioneiro d'Ajuda*. Esta colección de 310 cantigas, forma parte da tríada áurea da lírica trobadoresca galego-portuguesa, s. XIII-XIV (IPPAR / Biblioteca da Ajuda)

16 PRIMEIRO ANDAR: Galicia, nación literaria


A mesa como metáfora

As mesas, máis alá da súa utilidade práctica, foron tamén instrumentos de comunicación, xa se trate para compartir con outros comensais, xa se trate para estar arredor delas nun faladoiro, ou utilizadas como escritorio na soidade da creación. Por iso a presenza dunha mesa, aínda dentro dos espazos máis desolados, supón sempre unha certa humanización porque sempre cumpre unha función comunicativa. **E** son tamén un convite permanente a participar no banquete e na aventura da literatura.


Escritorio de Rosalía de Castro. Un dos poucos mobles pertencentes á escritora que se conserva (Fundación Rosalía de Castro)

17





Deseño de busto de Manuel Curros Enríquez por Asorey, 1920 (Real Academia Galega)



Logotipo da revista *Nós* por Castelao, ca. 1920 (Fundación Vicente Risco)

igual

18

Tapa do *Catecismo do labrego* de Lamas Carvajal, 1888, un dos libros máis reeditados da literatura galega (Real Academia Galega)



19

Pormenor debuxo surrealista de Álvaro Cunqueiro, 1936 (Fundación Luis Seoane)



Galicia, la fuerza de la palabra

CENTENARIO DE LA
REAL ACADEMIA GALEGA

Del 17 de noviembre de 2006
al 16 de febrero de 2007
Sede de la Fundación Caixa Galicia
A Coruña, Cantón Grande 21 - 23
www.fundacioncaixagalicia.org

Horario:

Todos los días de 12:00 h a 14:00 h
y de 16:00 h a 21:00 h.

Visitas guiadas:

Miércoles de 19:30 h a 20:30 h
y sábados de 18:30 h a 19:30h.

Visitas escolares:

contactar en el teléfono 981 953 073.

SEGUNDO PISO El discurso de la configuración del país

Carral, los anhelos de liberación petrificados

La juventud galleguista, liderada por Antolín Faraldo, luchó en abril de 1846 codo con codo con los militares liberales en la batalla de Cacheiras. Ellos constituyeron la primera generación galleguista consciente de la necesidad de la construcción del país y llevaron su pasión identitaria al periodismo, a la literatura y al debate social. A partir de este momento la palabra **Galicia** no es solamente un espacio geográfico, es ya un lugar de encuentro para los sentimientos patrios donde se concentran las esperanzas para hacerla libre y fuerte. El monumento que se levanta en Carral en 1904 por iniciativa de la *Liga Gallega na Cruña* acredita este hito histórico como la piedra fundacional de nuestra casa común. Comienza una tradición legitimadora de un proyecto político, una serie de discursos y de prácticas dedicadas a fundar una identidad.

La historiografía gallega, de la tradición a la letra impresa

No existe país sin historia y Murguía, uno de los grandes arquitectos de la nación, quiso interpretar su mundo y se dio cuenta de la importancia de entender el presente a través del pasado. Así nació su monumental *Historia de Galicia*, metáfora del despertar histórico de nuestro país, que rescató vestigios del pasado para comprender mejor el presente. Este afán historicista –coprotagonizado por Vicetto, Vereá, Villamil y otros– fue de gran estímulo para conseguir conciencia nacional, pues la publicación de documentos históricos llevó al desarrollo de la filología y de las restantes ciencias sociales. Además, el estudio de nuestro pasado llevó a una concepción de la historia de un pueblo, Galicia, como un proceso de evolución lógica y no solamente como una sucesión cronológica de acontecimientos.

Pies de fotos: Retrato de Manuel Murguía (Real Academia Galega).

Antolín Faraldo entre los estudiantes
alistados en el Batallón Literario
de 1846 (Colección particular).

El celtismo, la madurez de un pueblo que adopta y acepta sus mitos culturales

El mito del celtismo es un capítulo fundamental, fundacional, en esa estrategia textual destinada a narrar la nación, y se presenta como un crisol de significaciones expresadas en los más diversos géneros y campos: arte, política, literatura –novela, ensayo, discurso, poesía– ciencia, etc. Todo mito supone una justificación y un deseo, y Galicia ha necesitado ese mito para explicarse a sí misma, para diferenciarse de otras culturas y dotarse de personalidad. Estudiar el celtismo es introducirse en la personalidad de una cultura que aún sigue luchando hoy por reafirmarse. Y la adopción y la aceptación popular del mito son las máximas expresiones de su propia madurez.

El discurso de la configuración del país

La cultura y las artes como recuperación del orgullo nacional Los artistas y escritores del siglo XIX, implicados en los asuntos públicos, tomaron conciencia de su responsabilidad social. De esta forma, nuestro *Rexurdimento* encontró su mejor expresión cultural en la música y en la literatura, artes públicas que contaban con la poderosa herencia del pueblo, la lengua y la canción popular. La lengua, las leyendas, las canciones eran el auténtico tesoro espiritual de la nación que se encarnó en los orfeones, en los juegos florales y en las agrupaciones folclóricas. De modo que la tradición oral deja de ser el pasado inerte para convertirse en algo creativo, con energías y vida propia. Y el pueblo adopta un papel revolucionario y protagonista que va a ser la base de un nuevo concepto de humanismo. Papel fundamental, por su aspecto didáctico, van a jugar las

artes escénicas que hasta forman parte del repertorio de orfeones y corales posteriores.

Pies de fotos:
Siendo director de la Tabacalera, el conde de Santa Marta de Babio dispuso esta marca para que fuese elaborada en la fábrica de La Coruña, ca. 1957 (Real Academia Galega).

Maqueta de escenografía teatral
por Leandro Carré, ca. 1920
(Archivo Adela Carré).

Las artes en el discurso nacionalista

Parece natural que las artes, tradicionalmente dependientes de los encargos de las clases dirigentes, como la arquitectura y la escultura y, en menor medida, la pintura hayan tenido más dificultades para reflejar el resurgir de los ideales nacionalistas. Por este motivo donde es más reconocible el discurso constructivo en Galicia es en el dibujo y en el grabado, por la utilización de estas técnicas en el periodismo y en las artes gráficas y por lo barato de su producción y reproducción. A pesar de esta circunstancia, Galicia también ha generado un discurso plástico que hace un recorrido paralelo con el objetivo de vestir nuestra identidad y que no puede estar ausente de nuestra exposición.

La lengua y la literatura, la responsabilidad de narrar la nación

En el clima de rebeldía y preocupación social propiciados por el romanticismo, la fusión e incluso confusión entre periodismo y literatura ha sido una constante en toda Europa. Esta asociación fue particularmente intensa en los países que estaban a punto de redescubrir su identidad nacional donde la aparición del primer diccionario, gramática o colección de cantos populares era un acontecimiento nacional. La publicación de *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro, expresión cabal de la fusión entre el pueblo y la literatura, certifica la existencia de un discurso paralelo que también asume la responsabilidad de construir el país.

Pies de foto:

Rosalía de Castro en la década de
1865 - 1875 (Real Academia Galega).

Diseño presentado al concurso de
monumento a Curros Enríquez, 1927
(Real Academia Galega).

Pies de fotos:

Dionisio Fierros, detalle de "Una romería en las cercanías de Santiago", ca. 1855-1858. No hubo ocasión de ver esta romería única desde hace siglo y medio (Colección particular)

Rosalía de Castro por Modesto Brocos, 1880. Único retrato conocido de la escritora, que posó para el pintor. (Excmo. Deputación Provincial da Coruña).

La política, porque una patria no se construye solo con palabras

La aparición del nacionalismo en la política, superada la etapa liberal, está propiciada por la creencia de que la autodeterminación nacional no sería posible si no se conseguía una autonomía política capaz de institucionalizar nuestra lengua y nuestra literatura. Esta reivindicación política coincide a finales del siglo XIX con la novedosa tendencia a definir la nación en términos lingüísticos. Pero solamente el poder político podía transformar el estatus de las lenguas minoritarias. Por este motivo, el nacionalismo gallego antes de conformarse políticamente en 1931 como Partido Galeguista se mostró como liberal, regionalista o como agrarista; las formas fueron cambiando como trajes que el país abandonaba después de usarlos a pesar de conservar siempre la defensa de unos valores éticos que le dieron cohesión interna y prestigio social.

Escudo y mapa, como luz de navegantes

El primer escudo de Galicia que conocemos aparece en Londres en el siglo XIII, sólo más tarde los gallegos adoptaremos este escudo como signo de identidad que nos singulariza frente a los demás pueblos y reinos que se muestran hacia los mares. Mapas y portolanos fueron también históricamente guías para navegantes, libros de derrota. El Reino de Galicia aparece ya en la obra del cartógrafo

Abraham Ortelio *Teatrum orbis terrarum* y en otros posteriores. Pero el mapa de Galicia de Domingo Fontán, publicado unos años antes de la revolución de 1846, será recibido como la expresión de un lenguaje sentimental con el que nos identificamos. Los hombres de la *Xeración Nós* saludaron con enervado entusiasmo el plano geodésico de Galicia, debido a Domingo Fontán, no tanto por su carácter renovador dentro de la cartografía europea, como por ser el primero que nos mostró el rostro de nuestra tierra.

Pies de fotos:

Documento conmemorativo del Pacto de Lestrobe, 1934 (Archivo Vázquez de la Hermida).

Escudo del Reino de Galicia. Dibujado siguiendo el informe que la Real Academia le encargó a Eladio Oviedo y Arce, ca. 1917 (Real Academia Galega).

Banderas al viento desde la emigración

Las artes y los artistas jugaron un papel fundamental en el desarrollo del nacionalismo en toda Europa. Eran los encargados, en un mundo materialista, de fornecer a la sociedad de ciertos valores espirituales. En este contexto político y cultural nada mejor que las banderas y los himnos para expresar los anhelos de la nación. Estos símbolos de fuerte contenido emotivo, concebidos en los horizontes familiares de nuestra Tierra, han sido desplegados en la distancia de la emigración. Se demuestra una vez más la relación estrecha entre emigración y nacionalismo, porque éste ofrece la cuna y el hogar común que extraña aquélla en la distancia. Y a mayor abundancia, la emigración gallega propició la comunicación entre el pueblo y la burguesía ilustrada y liberal que lideró el movimiento nacionalista. Cuba, con Curros Enríquez y Fontenla Leal a la cabeza, repatrió los más nobles sentimientos populares en forma de himno y de bandera.

La Academia Galega, la alta misión de institucionalizar nuestra cultura

En la cartografía lingüística sólo existen las lenguas canonizadas y la Academia Galega nace para dar cumplimiento a este mandato que llega de América. Los intelectuales y escritores que la conforman quieren institucionalizar un campo intelectual alternativo a la cultura dominante. La Real Academia Galega surge con mecenazgo decisivo de los emigrantes agrupados en la Asociación Iniciadora e Protectora. Los nombres de Curros, Fontenla Leal y Chané en la otra orilla y los de Murguía y restantes componentes de la Cova Céltica en Galicia ocupan los espacios áureos del momento fundacional.

Pies de fotos:

Bandera del Consello de Galiza. Fue empleada en las exequias de Castelao en 1950 para cubrir el féretro (Real Academia Galega).

Curros Enríquez entre Murguía y Martínez Salazar y otros fundadores de la Real Academia Galega, 1904 (Real Academia Galega).

Felicitación de Göran Björkman a la Academia: "que viva e florezca a nación gallega".

Contribuciones de asociaciones de emigrantes a la Real Academia Galega.

PRIMER PISO Galicia, nación literaria

Uno de los objetivos de los movimientos nacionalistas europeos en la etapa de la formación de naciones en el siglo XIX es la transformación de la nación en un estado soberano, con un territorio, una historia, una cultura, una lengua y una literatura propias. El *Rexurdimento* gallego encarna, en esta línea de pensamiento, la conciencia histórica de un grupo de escritores y de intelectuales gallegos con voluntad de plantear su identidad colectiva ante la carencia de un

estado nacional. El discurso destinado a configurar la nación y el discurso literario son en Galicia procesos simultáneos que se refuerzan mutuamente.

La mesa como metáfora

Las mesas, más allá de su utilidad práctica, han sido también instrumentos de comunicación, ya se trate para compartir con otros comensales, ya se trate para estar alrededor de ellas en una tertulia, o utilizadas como escritorio en la soledad de la creación. Por eso la presencia de una mesa, aún dentro de los espacios más desolados supone siempre una cierta humanización porque siempre cumple una función comunicativa. Y son también un convite permanente a participar en el banquete y en la aventura de la literatura.

Pies de fotos:

Cancioneiro de Ajuda. Esta colección de 310 cantigas, forma parte de la tríada áurea de la lírica trovadoresca gallego-portuguesa, s. XIII (IPPAR Biblioteca da Ajuda).

Escritorio de Rosalía de Castro. Uno de los pocos muebles pertenecientes a la escritora que se conservan (Fundación Rosalía de Castro).

Diseño del busto de Manuel Curros Enríquez por Asorey, 1920 (Real Academia Galega).

Tapa del *Catecismo do labrego* de Lamas Carvajal, 1888, uno de los libros más reeditados de la literatura gallega (Real Academia Galega).

Logotipo de la revista *Nós* por Castelao, ca. 1920 (Fundación Vicente Risco).

Detalle del dibujo surrealista de Álvaro Cunqueiro, 1936 (Fundación Luís Seoane).

Escrito por Otero Pedrayo

Galicia

Galicia, a forza da palabra

CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Do 17 de novembro de 2006 ao 16 de febreiro de 2007

Sede da Fundación Caixa Galicia. A Coruña, Cantón Grande 21 - 23

www.fundacioncaixagalicia.org

Escrito por Manuel Murguía

Galicia